

## ANEXO XXIV

EXP. Nº

## FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO		
<input type="text"/>		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
BANCO			
<input type="text"/>			
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

**CERTIFICO:**

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao/a titular e número de conta.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

*Corrección de erros.-Resolución do 22 de outubro de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2008, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 211, do 31 de outubro de 2007, é necesario facer a seguinte corrección:

-No anexo III, provincia de Ourense, na páxina 17.527, onde di: «5. Baltar: 5 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de novembro, Santo Antón», debe dicir: «5. Baltar: 5 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de xuño, Santo Antón».

**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*Resolución do 24 de marzo de 2008 pola que se convoca un curso de segundo nivel de patrón de navegación básico (PNB), que se desenvolverá a través da internet.*

Dentro do programa de actividades que a Academia Galega de Seguridade Pública ten previsto realizar no ano 2008, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria dun curso de segundo nivel de patrón de navegación básico (PNB), que se organizará de forma mixta, con clases presenciais e a través da internet, en colaboración coa *Escola Náutica Portomelo, S.L.*, homologada pola Consellería de Pesca

e Asuntos Marítimos co indicativo XGEN 021, e que se deberá desenvolver conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

Con este curso preténdese conseguir que os/as integrantes dos servizos de emerxencias e protección civil adquiran coñecementos de navegación, así como a capacitación necesaria para poder pilotar unha embarcación no desenvolvemento das funcións encomendadas.

Destinatarios.

Os cursos van dirixidos aos membros dos servizos de emerxencias e protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan realizado o curso básico de protección civil e acrediten coñecementos de salvamento e socorrismo acuático e dispoñan de embarcacións de salvamento nos seus servizos.

Desenvolvemento.

1. Prazas: 30 por curso.

2. Duración e data: o curso desenvolverase a través da internet, con dúas clases presenciais e unha clase práctica.

3. Lugar:

-Clases presenciais: Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia. Avda. da Cultura, s/n. A Estrada.

-Clases prácticas: por determinar.

Solicitudes e prazo de inscrición.

1. A inscrición dos/das participantes é gratuíta.

2. As persoas interesadas poderán cubrir a solicitude que se amosa na páxina web <http://agasp.xunta.es>, ou o modelo anexo á convocatoria da actividade.

3. As solicitudes deberán estar asinadas pola persoa responsable da correspondente unidade e co selo desta. Estes requisitos serán indispensables para ser admitido no curso.

4. Presentación das solicitudes:

-Por correo á sede da Academia Galega de Seguridade Pública: avenida da Cultura, s/n, 36680, A Estrada.

-A través do fax nº 886 20 61 23 do Servizo de Formación-Sección de Protección Civil e Bombeiros da AGASP, ou

-Segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 24 de abril de 2008.

Contido.

O contido do curso de patrón de navegación básica divídese en dúas partes:

Teórica:

-Nomenclatura náutica.

-Seguridade.

-Navegación.

-Propulsión.

-Convenio internacional para prever as abordaxes, no que afecta estas embarcacións.

-Balizamentos.

-Lexislación.

Práctica:

Unha práctica de 4 horas de seguridade e navegación na cal se impartirán os seguintes temas:

-Xeito de utilizar o chaleco salvavidas, extintores, sinais pirotécnicos, espello de sinais.

-Manexo de cabos.

-Preparativos antes de iniciar unha manobra.

-Aplicación das regras de rumbo e goberno, velocidade de seguridade, vixilancia e identificación de marcas e balizas.

-Manobras en dársena.

-Gobernar cunha referencia de terra.

-Manobra de home á auga.

Relación de admitidos.

A relación de admitidos/as farase pública o día 8 de maio de 2008 na páxina web <http://agasp.xunta.es>.

Asistencia.

É obrigatoria a asistencia e puntualidade en todas as actividades do curso. A falta de asistencia, mesmo cando sexa xustificada, a máis dun 10% das horas lectivas programadas, determinará a cualificación de non apto no curso.

Certificado de aproveitamento.

Ao remate do curso entregarase un certificado de asistencia. Para a obtención do título de patrón para a navegación básica (PNB) é preciso superar un exame teórico na Escola Náutico-Pesqueira de Vigo, Ribeira ou Ferrol, aboando as taxas correspondentes, e realizar a práctica oficial.

Modificacións.

A Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento dos cursos para adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 24 de marzo de 2008.

P.S. (Disp. 1ª Orde do 31-1-2008, DOG nº 23,  
do 1 de febreiro)

Mª Isabel Durántez Gil  
Directora xeral de Interior

## ANEXO

Curso/Actividade		CURSO: PATRÓN DE NAVEGACIÓN BÁSICO (PNB)	
Número curso:			
Lugar:			
Datos:			
DATOS DO SOLICITANTE			
NIF	Nome	Apelidos	Data de nacemento
Enderezo particular			
Rúa			
Concello	Provincia	Código postal	
Teléfono	Fax	Enderezo de correo electrónico	
Datos profesionais			
Corpo de pertenza			
Grupo de titulación			
Clase			
Ano de ingreso no corpo			
Situación administrativa			
Entidade			
DECLARACIÓN			
Declaro, pola miña honra, que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude.			
_____/_____/_____ (Sinatura do/a solicitante)			
INFORME DO/A XEFE/A DO CADRO DE PERSOAL OUI PERSOAL RESPONSABLE			
Vista a solicitude formulada polo/a interesado/a, faise constar que non existe inconveniente para a súa asistencia ao curso solicitado			
_____/_____/_____ (Sinatura e selo da entidade)			
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública Avda. da Cultura, s/n. 36680 A Estrada-Pontevedra			

## INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

*Resolución do 29 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para a concesión dos premios XVII Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, III Manuel María de literatura dramática infantil e VI Barriga Verde de textos para teatro de monicreques.*

Co fin de incentivar a creación literaria no ámbito do teatro, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), adscrito á Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, dentro do seu obxecto básico de desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, a promoción e a difusión das actividades teatrais (previsto no art. 8 da Lei 4/1989 do 21 de abril, de creación do IGAEM), convoca a XVII edición do premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, a III edición do premio Manuel María de literatura dramática infantil e a VI edición do premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, consonte coas seguintes

Bases.

Primeira.-*Obxecto e réxime xurídico.*

Por medio desta resolución establécense as bases reguladoras e anúnciase a convocatoria para o ano

2008, baixo o réxime de concorrencia competitiva, da XVII edición do premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, da III edición do premio Manuel María de literatura dramática infantil e, en colaboración coa Asociación Cultural Barriga Verde, da VI edición do premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques en dúas modalidades: para rapaces e para adultos, segundo o público a que vaian dirixidos os textos.

A concesión dos premios rexeráse por estas bases, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 287/2000 e, en todo o que non contradiga a lexislación galega, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións.

*Segunda-Dotación e imputación orzamentaria.*

-Existirá un único galardoador por premio (e modalidade, no caso do premio Barriga Verde), coa seguinte dotación económica:

-Álvaro Cunqueiro: 6.000 €.

-Manuel María: 6.000 €.

-Barriga Verde (modalidade infantil): 6.000 €.

-Barriga Verde (modalidade para adultos): 6.000 €.